¡GALIZA CEIBE!

Irman

Lois Tres

Querido irman: No nome da nosa Repubrica Galega, estivemos oxe unha comisson da "Irmandade Celtiga", visitando a "Legazón Irlandesa en Madrí" a cuio frente tachase unha muller Mlle M. O'Brien. Acolleronnos con moito agorismo e falamos longo da maneira d'estreitar a relacios antre a sua Patria ca nosa e da venda en Galiza de libros irlandeses. Saimos entusiasmados da entrevista, teñen unha organizazón formidabel. Entregamoslles tamen, unha copia do mensaxe de protesta que a Asambreia de Vigo habia acordado dirixir ô Goberno ingres, por medissón do seu Embaixador eiqui, e que negouse aceitalo, quedaron en o faguer chegar âs mans do Goberno irlandes.

Pidironnos nomes das coleitividades e xornaes galegos onde puderan dirixir o seu boletin e antroutras dimoslles o nome da vosa "Irmandade"; e conveñente que axiña que recibades o primeiro numero eles dirixades unha carta (pode ire escquita en galego ou en frances) no nome da vosa Irmandade

poñendovos a sua disposizon pr'o que necesites. non vos esquesades, pois é moi conveñente pra nosa causa.

Sin mais, con lembranzas pr'o Peña, Ramos e Cortiñas, recibe ti unha forte aperta do teu irman

Fermin Penzol

25-9-21

As señas do Comite irlandes son M^lle^ M. O'Brien, Rúa de Ayala - nº 144, 4º Madri

T/C Pez, 38, 1º

Quedamos en voltar outra vez a visitalos. Xa os teremos ô tanto de todo o mesmo que âs demais "Irmandades"